



**RESOLUCIÓN DE ALCALDIA**

**Adxudicación contrato de obra de "Mellora da eficiencia enerxética no alumado do Parque Empresarial de Areas, Tui".-**

**1º.-** Vista resolución de Alcaldía de data 28/11/2017, que se transcribe literalmente a continuación:

**" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*Vista a resolución de Alcaldía de data 07/11/2017, para a contratación da obra "Mellora da eficiencia enerxética no alumado do Parque Empresarial de Areas, Tui", pola que, avogando as competencias delegadas en Xunta de Goberno Local, se presta conformidade aos pronunciamentos da Mesa de data 07/11/2017 e requírese á empresa "S3 Systems&Solutions, S.L." como licitador que ofreceu a proposta economicamente máis vantaxosa presente a documentación a que se refire o art. 151 do TRLCSP.*

*Visto recurso de reposición presentado polo licitador "Servicios Eléctricos Abelmar, S.L." (RE nº 10382 de 09/11/2017) no expediente de "Mellora da eficiencia enerxética no alumado do Parque Empresarial de Areas, Tui", por entender que a luminaria ofertada pola empresa "S3 Systems&Solutions, S.L." non cumpre as especificacións do prego.*

*Visto informe de 13/11/2017 emitido polo enxeñeiro técnico municipal, no que se indica que: " (...) as características técnicas das luminarias ofertadas pola empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L. non se axustan as establecidas nos pregos e no proxecto de obra (...)"*.

*Visto así mesmo informe de 13/11/2017 emitido polo enxeñeiro técnico municipal, no que se indica que: " (...) as características técnicas das luminarias ofertadas pola empresa VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS, SL non se axustan as establecidas nos pregos e no proxecto de obra (...)"*.

*Visto, por outra banda, o informe emitido polo funcionario secretario da Mesa de Contratación na licitación referida, de data 21/11/2017, no que alude a erros de transcripción das actas das Mesas de Contratación, de datas 30/10/2017 e 07/11/2017.*

*E vista a acta da Mesa de Contratación de 24/11/2017, pola que se presta conformidade á rectificación dos erros de transcripción contidos nas actas de datas 30/10/2017 e 07/11/2017.*

*Esta Alcaldía, á vista dos informes emitidos, avogando a competencia delegada para este asunto en concreto, por resolución de 19 de outubro de 2017 en materia de contratación na Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía RESOLVE:*



1º.- Estimar o recurso con RE nº 10382 de 09/11/2017 presentado polo licitador "Servicios Eléctricos Abelmar, S.L.", de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal de 13/11/2017, e dado que as características técnicas das luminarias ofertadas pola empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L non se axusta ás establecidas nos pregos e no proxecto de obra, polo que se resolve excluír á citada empresa.

2º.- Excluír así mesmo do procedemento a VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS, SL, dado que de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal, de 13/11/2017, as características técnicas das luminarias ofertadas pola empresa non se axusta ás establecidas nos pregos e no proxecto de obra.

3º.- REQUIRIR á empresa AIRIS TECHNOLOGY SOLUTIONS, SL, con enderezo en estrada A2, km. 48,5 polígono industrial de Cabanillas, nº parcela 12b, NIF B85640779, 28045 Madrid, como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de " MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA ALUMEADO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI", para que, de conformidade co artigo 151 do TRLCSP e Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, presente a seguinte documentación xustificativa:

-Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma, Concello de Tui e coa Seguridade Social, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á lexislación vixente.

-Ter constituído a garantía definitiva correspondente ao 5% do importe de adxudicación, excluído IVE e por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

-Testimonio xudicial, certificación administrativa, ou declaración responsable outorgada polo apoderado ante a Secretaría do Concello de Tui, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, facendo constar que non está comprendido en ningunha das circunstancias de incapacidade ou de prohibición para contratar que se establecen no artigo 60 e 146 do TRLCSP. (Artigo 73.1 TRLCSP e como complemento da documentación xustificativa da acreditación de non atoparse incurso en prohibición para contratar.) Cando se trate de empresas de Estados membros da UE e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial (artigo 73.2 TRLCSP).

- Presentar a xustificación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre A "Documentación administrativa", aspectos que se fan constar na cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas aprobado.

- Respecto a alta no IAE, xustificarse mediante a presentación desta e, no seu caso, do último recibo sobre dito imposto, a



*que se acompañará unha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto*

*(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).*

*4º.- O prazo de presentación da documentación requirida ao licitador proposto será de cinco días hábiles a contar dende o seguinte da recepción do presente requirimento.*

*5º.- Dar conta da presente resolución ao interesado, á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre."*

**2º.-** Emítase notificación de resolución anterior, que se notifica a tódolos licitadores presentados así como requirimento á empresa "Airis Technology Solutions, S.L.", CIF B85640779, como licitador que presentou oferta económica máis vantaxosa.

**3º.-** Con data 07/12/2017, R.E. nº 11232, se presenta pola empresa Airis Technology Solutions, S.L., documentación requirida e aval bancario aos efectos de garantía definitiva do contrato.

Vista proposta de adxudicación emitida pola Alcaldía, de data 14 de decembro 2017, así como informes emitidos, e do informe da Intervención Municipal correspondente á fiscalización previa á autorización de gasto con referencia desf. 45/2017 (informe da Intervención Municipal de data 19/09/2017), esta Alcaldía, avogando as competencias delegadas en Xunta de Goberno Local para este asunto en concreto, resolución de 19/10/2017, RESOLVE :

**Primeiro.-** O levantamento do reparo interposto pola Intervención Municipal en informe procedente de fiscalización en fase A, con referencia desf. 45/2017 (informe da Intervención Municipal de data 19/09/2017).

**Segundo.-** Adxudicar á empresa " Airis Technology Solutions, S.L", CIF B85640779, con enderezo en Cabanillas del Campo, cp 19171, provincia de Guadalajara, Ctra. A2 Km. 48.5 Polígono Industrial de Cabanillas, nº parcela 12b, correo electrónico: proyectos@airissoluciones.es, o contrato de obra "Mellora da eficiencia enerxética no alumado do Parque Empresarial de Areas, Tui." polo prezo ofertado total de 42.719,80€ (Base: 33.652,73€. IVE 21%: 7.067,07€) de conformidade coa proposta económica presentada e con suxeición ao proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, incluíndo as seguintes melloras ofertadas:

Redución do prazo de execución de obra: Redución en seis semanas, sendo o prazo de execución da obra de DÚAS SEMANAS.

Incremento do prazo de garantía: 4 anos.

**Terceiro.-** Aos efectos de formalización de contrato, de conformidade coa lexislación vixente e conforme co art. 156 do TRLCSP a súa sinatura será no prazo máximo de **oito días**



**hábiles (urxente)** a contar dende a data da notificación da adxudicación.

**Cuarto.-** De conformidade co estipulado no art. 154 do TRLCSP deberase notificar ós candidatos ou licitadores o referido acordo. Así mesmo, a formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 138.3 do TRLCSP publicaranse no Perfil do Contratante da páxina web do concello ([www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)). Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros, deberá publicarse ademais no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 158.2 do TRLCSP.

**Quinto.-** O adxudicatario, a partir da data de notificación de adxudicación do contrato e antes da súa formalización, e de conformidade co establecido na cláusula 25º do prego de condicións administrativo aprobado, deberá proceder ao ingreso correspondente ao importe do anuncio de licitación no boletín oficial que corresponda, polo importe de 151.90€, a ingresar na conta do concello número IBANES512080544673304010049I. Para a sinatura do contrato deberá presentar xustificante do pagamento do referido importe.

Mándao e asíno o alcalde, Carlos Vázquez Padín, en Tui.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.